CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE NEGREIRA PARA REALIZAR AS OBRAS DE MANTEMENTO E REHABILITACIÓN DO MUÍÑO Nº1 DE PONTE MACEIRAS, NEGREIRA (A CORUÑA).

MEMORIA TRANSPARENCIA

Ángel Miramontes Carballada, director xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar co Concello de Negreira, o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata a completa finalización das obras e, en todo caso, non superior a catro anos.

Que o instrumento convenial ten por obxecto: regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e Concello de Negreira para a realización do mantemento e rehabilitación do muíño nº 1 de Ponte Maceira, En Negreira (A Coruña).

A Ponte Maceira sitúase sobre o río Tambre, entre os termos municipais de Ames e e Negreira. Está protexida polo seu valor cultural ao estar declarada como ben de interese cultural (BIC) coa categoría de monumento no Decreto 83/2022 de 19 de maio (DOG nº 104 de 01.06.2022). Conserva a estrutura clásica das pontes medievais, cun longo perfil alombado cara ao centro, arco apuntado e dous arcos de medio punto a cada un dos lados, de entre 6 e 14 m de luz do arco central. A súa antigüidade, influencia na configuración do territorio, calidade construtiva e estado de conservación acreditan o carácter sobranceiro desta infraestrutura da enxeñaría histórica. O conxunto de bens compleméntase de forma harmoniosa e o lugar da Ponte Maceira destaca no percorrido da ruta do Camiño de Santiago cara a Fisterra e Muxía. Os muíños de auga que flanquean a Ponte Maceira (un no Concello de Ames e dous no Concello de Negreira) están protexidos polo seu valor cultural ao ser bens pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16-05-2016) por estar incluída no catálogo do Plan Básico Autonómico coas claves Ames_20136, Negreira_29270 e Negreira_29269. Sitúanse no contorno de protección do BIC

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: v0D7JBk4UDf4 https://sede.xunta.gal/cve

Ponte Maceira. Os tres muíños datan do século XVIII, sendo construcións sinxelas de pedra robusta de cantaría para soportar a forza da auga do río. A eficiencia do seu funcionamento compleméntase co aproveitamento dunha pequena fervenza. Funcionaron en uso comunal por quendas. O muíño número 1 é unha edificación de planta poligonal distribuída en dous niveis onde ambos reciben entrada de auga. Este muíño colapsou nunha das súas arestas por causa das diferentes inundacións dos últimos años aínda que so se desprenderon as pezas no exterior do muro, manténdose as da cara interior. As pezas caídas localízanse na base da edificación. Ademais, a cuberta está parcialmente danada e na fachada sur, diversas árbores enraizaron nos perpiaños que se agretaron.

É necesaria a intervención urxente para poder consolidar a aresta antes de que novos temporais fagan imposible o aguante da presión da auga nos muros.

En base ao exposto, proponse a reconstrución da aresta do muro mediante a técnica da anastilose co selado das xuntas con inxección de leitada de cal hidráulica antisísmica nos muros afectados e un rexuntado profundo nos paramentos afectados polo exterior e interior.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

Asinado por: MIRAMONTES CARBALLADA, ANGEL
Cargo: Director Xeral de Patrimonio Cultural
Data e hora: 15/09/2026 14:09:13

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: v0D7JBk4UDf4 https://sede.xunta.gal/cve